



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 1 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral de VOX acerca da súa exclusión do programa de debate electoral de RTVG (doc. RE 335/2024), na que solicita a intervención de VOX no debate convocado e en cantos se convoquen en aras a garantir os dereitos amparados na Constitución Española e na normativa electoral.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 25 de xaneiro de 2024, o representante xeral de VOX formaliza unha denuncia (doc. RE 335/2024) na que sinala que tivo coñecemento dunha noticia de Europa Press na que se informa que, a raíz do acordo de 20 de enero de 2024 *“(…) sobre la consulta de RTVE, la Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) ha incorporado en el debate a las Coaliciones Sumar Galicia y Podemos Galicia excluyendo a VOX del mismo”*.

No seu escrito de denuncia esta formación política considera que existe unha diferencia de trato respecto das coalicións Sumar Galicia e Podemos Galicia *“(…) a pesar de que ninguno de los partidos integrantes en las mismas obtuvieron la suficiente representación para ser incluídos, y en un caso incluso, por ser una formación política de nueva creación”, “(…) por lo que esta formación política entiende que la diferencia de trato en la convocatoria del debate vulnera la Instrucción 4/2011, de 24 de marzo, de la JEC y con ella el artículo 66 LOREG, y el artículo 23 CE”*.

2. O 30 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á CRTVG e aos representantes xerais do PP, BNG, PSdG-PSOE, SUMAR GALICIA e PODEMOS GALICIA, copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Destes traslados deuse coñecemento ao representante xeral de VOX.
3. O 31 de xaneiro de 2024, a Corporación de Radio Televisión de Galicia formulou escrito de alegacións, no que efectúa diversas consideracións acerca do dereito da formación política Vox a resultar invitada ao debate previsto no Plan de cobertura



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

da CRTVG para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, e tamén acerca do cuestionamento ao redor da consideración de grupo político significativo das coalicións SUMAR GALICIA. Finalmente solicita a inadmisión da reclamación ou subsidiariamente a súa desestimación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Os plans de cobertura informativa dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral deben responder aos principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa na programación, como esixe o artigo 66.1 da LOREX e desenvolve a Instrución 4/2011, da Xunta Electoral Central, do 24 de marzo, sobre interpretación deste precepto no relativo ás garantías de respecto aos principios subliñados.

Segundo. Estas garantías de respecto se plasman, entre outros extremos, no establecemento dos recursos contra os plans de cobertura informativa, regulados no apartado quinto da precitada Instrución, e contra as actuacións e programas emitidos con incidencia electoral, consonte o apartado sexto.

Terceiro. A doutrina da Xunta Electoral Central aplicable, no que aquí interesa, sinala que:

— Os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa implican dar un trato similar ás formacións que se atopan en similar posición ante o electorado “como consecuencia dos resultados obtidos nas últimas eleccións equivalentes ou como consecuencia da súa consideración como grupos políticos significativos” (Ac. do 21 de maio de 2019).

— As funcións das xuntas electorais en relación coa cobertura da campaña electoral polos medios de comunicación de titularidade pública, como sinala o artigo 66 da LOREX, “*límitase a resolver as reclamacións e recursos que as formacións concorrentes ás eleccións poidan presentar contra as decisións dos órganos de administración dos referidos medios*”.

En suma, “a súa competencia circunscríbese a decidir se as actuacións impugnadas polos representantes das candidaturas vulneran os principios de pluralismo político e social,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa, expresamente garantidos polo artigo 66 “ (Ac. do 26 de maio de 2019).

Cuarto. Na Instrución 4/2011 da XEC establécese o seguinte:

“2.2. Los planes de cobertura informativa deberán incluir las candidaturas de aquellas fuerzas políticas que no se presentaron a las anteriores elecciones equivalentes o no obtuvieron en ellas representación y posean la condición de grupo político significativo. Esa cobertura no podrá ser igual o superior a la dedicada a las candidaturas que lograron representación.

2.3. Se reconocerá la condición de grupo político significativo a aquellas formaciones políticas concurrentes a las elecciones de que se trate que, pese a no haberse presentado a las anteriores equivalentes o no haber obtenido representación en ellas, con posterioridad, en recientes procesos electorales y en el ámbito territorial del medio de difusión, hayan obtenido un número de votos igual o superior al 5% de los votos válidos emitidos.

En el caso de coaliciones electorales, éstas sólo podrán tener la consideración de grupo político significativo cuando alguno de los partidos políticos que la componen cumpla por sí solo lo dispuesto en el párrafo anterior.

2.4. La cobertura informativa de las candidaturas de formaciones políticas que no concurrieron a las anteriores elecciones equivalentes o que no obtuvieron representación en ellas no podrá ser igual o superior a la dedicada a las que vean reconocida la condición de grupo político significativo.”

Quinto. No presente caso, a entidade política VOX expón varias das argumentacións xa recollidas na súa anterior denuncia de data 22 de xaneiro de 2024 (RE 308/2024), resolta por esta Xunta Electoral mediante acordo de data 25 de xaneiro, e mesmo pola Xunta Electoral Central(XEC) no seu acordo de data 1 de febreiro de 2024 polo que desestima o recurso de alzada interpuesto por VOX contra ese acordo da Xunta Electoral de Galicia.

Esta Xunta Electoral remítese polo tanto ao xa manifestado nese anterior acordo, cuxas fundamentacións xurídicas da por reproducidas aquí, considerando pois que a formación política Vox non ten a condición de grupo político significativo. E iso é así, toda vez que nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

xullo de 2020 non alcanzou un número de votos igual ou superior ao 5% dos votos válidos emitidos, sendo o dato extrapolable ás restantes eleccións (locais e xerais do ano 2023, nas que VOX obtivo un 0'63% e un 4'87% do voto nas catro circunscripcións galegas). Esa porcentaxe do 5% é a cifra requirida polo artigo 66 da LOREX e pola Instrución da XEC 4/2011, do 24 de marzo, de interpretación do artigo 66 da LOREX.

Por outra parte, esta Xunta Electoral non comparte as argumentacións que efectúa VOX no seu escrito, acerca da diferenza de trato na convocatoria do debate electoral coas coalicións electorais Sumar Galicia e Podemos Galicia, e amosa a súa aquiescencia ás seguintes consideracións efectuadas polo Director Xeral da Corporación CRTVG no seu escrito de alegacións:

"A coalición "SUMAR " nas eleccións ao congreso dos deputados de 13 de xullo de 2023 obtivo o 10,92% do voto válido na CAG. Esta coalición estaba composta por diversas formacións. Catro delas, IZQUIERDA UNIDA, VERDES-EQUO, PODEMOS e ALIANZA VERDE, preséntanse a estas eleccións integrando outras dúas coalicións. Así, IZQUIERDA UNIDA, VERDES-EQUO forman a coalición SUMAR GALICIA e PODEMOS e ALIANZA VERDE a coalición PODEMOS GALICIA.

Os votos obtidos pola coalición SUMAR foron obtidos polo conxunto desta, sen especificación dos que obtivo cada formación política que as integraba. Por isto, o seu resultado (10,92%) repártese entre ambas coalicións

- Coalición electoral SUMAR GALICIA: 5,46% dos votos válidos
- Coalición electoral PODEMOS GALICIA: 5,46% dos votos válidos

O reparto dos votos obtidos pola coalición electoral SUMAR nas Eleccións Xerais de 2023 efectúase atribuíndo un 50% a cada unha das dúas coalicións nas que se integraron as formacións políticas desa primitiva coalición e que agora se presentan ás eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024, a coalición SUMAR GALICIA e PODEMOS GALICIA . Por entender que "se non é posible prorratear os votos obtidos por unha candidatura dunha coalición electoral, dado que estes foron obtidos polo conxunto desta sen especificación dos que obtivo cada formación política, o número de votos deberá repartirse por igual entre as formacións políticas que integran la coalición" (Ac. 8 de maio de 2014). (Acordos de 26 de abril e 18 de maio de 2023.)

Explícase así que procede o anterior prorrateo tendo en conta os datos resultantes do total de votos válidos da coalición SUMAR nas eleccións xerais de 2023.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Por conseguinte, as coalicións “SUMAR GALICIA” e “PODEMOS GALICIA”, son consideradas grupos políticos significativos, seguindo os criterios establecidos na Instrución 4/2011.

A formación de nova creación “MOVEMENTO SUMAR GALICIA” non se tivo en consideración para a determinación da coalición electoral “SUMAR GALICIA” como grupo político significativo.”

En consecuencia,

ACORDA

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 4 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal